



A Marea Atlántica naceu no verán de 2014 como un chamado cívico á unidade, a responsabilidade e a innovación democrática en tempos de emerxencia social, saqueo do común e deterioro das institucións que con tanto sacrificio lle disputaron os nosos maiores e as nosas maiores ao franquismo e os seus herdeiros. Sensibles ao mandato do 15M, miles de persoas e media ducia de organizacións políticas adheríronse daquela ao manifesto fundacional da nova plataforma cidadá, sumándose con xenerosidade e altura de miras á construción dun proxecto municipalista de cambio, que acadaría nas eleccións municipais de maio de 2015 unha vitoria sen precedentes para a xente común da Coruña. Máis unha vez, grazas a todos e a todas. É por vós que somos o que somos e estamos onde estamos.

Quedan poucas semanas para rematar a nosa primeira etapa á fronte do goberno municipal da Coruña, e traballamos xa, coa mesma paixón e a mesma convicción do principio, no programa que habemos desenvolver no segundo mandato. Foron catro anos extraordinarios, en todos os sentidos. Catro anos de entrega e traballo duro. Catro anos de aprendizaxe. Catro anos de auto-organización. Catro anos de cambio. Catro anos baixo a ameaza e o acoso permanentes por parte dos que mandaron toda a vida e nunca nos perdoarán ter entrado no que consideran aínda o seu couto privado.

A Coruña foi a nosa prioridade dende a primavera de 2015, pero non a única das nosas preocupacións. Para nós, o municipalismo nunca foi unha coartada para desertar das nosas responsabilidades máis alá da cidade, e tampouco un primeiro chanzo nin un mero prólogo para outra cousa. A Marea Atlántica, malia ás discrepancias ou os déficits democráticos dalgunhas iniciativas, estivo sempre onde había que estar para ampliar e consolidar o espazo do cambio.

Apoiamos o Acordo de Mazarelos que deu lugar á conformación de En Marea como unha coalición de tres partidos. Contribuímos a impulsar o proceso das Mareas en Común. E volcámonos na constitución de En Marea como partido instrumental.

Hoxe, ese espazo plural que construímos paso a paso, con distintas fórmulas, apelando á xenerosidade e á participación de todos e de todas en cada treito do camiño, un espazo que é debedor tamén de iniciativas anteriores á gran primavera municipalista de 2015, está en risco.

Sexamos realistas: a tal hora, máis alá dos ámbitos locais nos que se mantén a unidade, como acontece na Coruña, ningunha marca, ningún referente, é capaz de aglutinar o conxunto das persoas, das sensibilidades e dos proxectos que integran o noso espazo político. E iso, de non remediarse, pode conducir á fragmentación do que tanto custou construír e á conformación de dúas candidaturas, cando menos, que se enfronten o vindeiro 28 de abril nas eleccións xerais.



A fragmentación, non é preciso insistir, suporía un paso atrás na sempre difícil forxa da unidade popular e colocaría os únicos gobernos que fomos quen de arrebatarlle á dereita, entre eles o da Coruña, nunha situación indesexada. E sería ademais unha irresponsabilidade equiparable á de Pedro Sánchez ao convocar estes comicios, movido polo seu propio instinto de autoconservación, nun momento de recomposición das forzas tradicionais do réxime e de extraordinaria mobilización da súa facción máis radical.

É posible evitar a división. O pasado 18 de febreiro, o noso alcalde e compañeiro, Xulio Ferreiro, fixo un chamamento a deixar a un lado as posicións de máximos de todas as partes para conformar unha coalición ampla e sen complexos polo cambio e a xustiza social na que participasen, ademais da propia En Marea, todos os partidos comprometidos coa confluencia e as principais mareas do país. Esa proposta, que contaba co aval da Coordinadora da Marea Atlántica, segue en pé.

Á vista do exposto, e dadas a transcendencia e a urxencia da situación, a Coordinadora formula para o seu debate e eventual aprobación na Rede a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1.- A Marea Atlántica apela á responsabilidade de todos e de todas e insta a conformar unha candidatura de unidade tanto de cara ás eleccións xerais de abril como de cara aos comicios europeos de maio. Vivimos momentos de excepción nos que cómpre deixar a un lado os intereses de parte, por lexítimos que estes sexan, asumindo a provisionalidade das fórmulas e sen renunciar ao propósito fundamental: desunidos somos menos útiles á cidadanía, en común somos quen de poñer ás persoas no centro.

2.- De non conformarse unha candidatura de unidade, a Marea Atlántica manterá unha posición autónoma ao respecto das diferentes opcións que compitan nas urnas, para garantir o respecto á diversidade interna e á pluralidade que representa na Coruña e para conservar os seus órganos como lugares de encontro e coidado mutuo. As persoas que forman parte da nosa organización poderán apoiar libremente calquera das opcións, pero tanto a marca como os seus recursos quedarán á marxe da confrontación electoral.

3.- A Marea Atlántica reitera, hoxe e de cara ao futuro, o seu compromiso coa construción dunha alternativa de unidade en Galicia, procurando fórmulas de cooperación e innovación que permitan, o máis axiña posible, desaloxar á dereita das institucións do país e recuperalas para a xente, como fixemos nos concellos.



4.- A Marea Atlántica seguirá a comprometerse co municipalismo baixo as condicións de autonomía e a cooperación en rede, como movemento político e social que fai da proximidade o seu valor máis prezado, e que se está a demostrar e eficaz para o cambio real nas condicións de vida da xente. Chamamos, por tanto, ao conxunto das organizacións políticas a revalidar a súa aposta polas mareas municipalistas.

5.- A Marea Atlántica estará presente tanto nas eleccións xerais como nas europeas na defensa dunha axenda municipalista de cambio e dos intereses da Coruña. A nosa vontade é a de seguir achegando moitas das loitas que, en chave de xustiza social, defensa dos bens comúns e ampliación de dereitos, estamos a dar a nivel local, coa esperanza de que teñan tamén unha tradución noutras escalas.

Na Coruña, a 6 de marzo de 2019